



# PLAN DIXITAL

## EEI de Muros

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

**Nome do centro:** EEI de Muros

**Dirección:** Rúa Alameña nº4 Muros CP 15250 (A Coruña)

**Correo:** [eei.muros@edu.xunta.gal](mailto:eei.muros@edu.xunta.gal)

**Páxina web:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/eeimuros/>

**Etapas educativas:** 4º, 5º e 6º Educación Infantil

**Número de unidades:** Segundo catálogo, 2 unidades mixtas de Educación Infantil, .

**Número de alumnado:** 27

**Número de profesorado:**

2 mestra titoras.

1 profesora especialista de lingua inglesa (itinerante con base en CEIP de Louro)

1 orientadora con base en CEIP Ramón de Artaza .

1 especialista de AL itinerante con base CEIP Ramón de Artaza y Malvárez

1 profesora de relixión ( itinerante con base en CEIP Ricardo Tobio)

A variación deste profesorado producirase en función das características que concorren en cada curso escolar, reflectirase na Programación Xeral Anual

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

**Ubicación:** A escola de educación infantil de Muros está ubicada no concello de Muros ao carón da casa de cultura ( biblioteca municipal; CEMIT e teatro). Muros é unha localidade costeira . Polas características do seu entorno e o seu relevo (praias-lagoa e monte) a converte nunha comarca moi interesante para o turismo que va en aumento cada ano que pasa. Polo que a actividade socioeconómica de la zona ; ademais da pesca empeza a destacar o turismo.

**Estrutura física:** O centro divídese en dúas plantas unidas por unha rampla. No 1º andar atópase a entrada principal (entrada de alumnado e familias). Nesta planta está unha das aulas e un pequeno despacho e os baños para o alumnado. Na planta de abaixo atopamos 2 aulas unha adicada a outra unidade mixta; unha aula para actividades extraescolares e a especialista de A.L. cando ven; os baños ; a biblioteca de centro e un pequeno espacio onde se garda o material do patio exterior e o material das plantacións da horta.

**Familias:** As familias participan na dinámica da escolarización dos seus fillos, sempre están en contacto directo coa escola e co profesorado . Dende a ANPA participan en charlas e talleres.

**Alumnado:** Nesta escola non se incorporou nos últimos cursos alumnado estranxeiro. Non hai absentismo escolar, non obstante lévase un control e seguimento das faltas.

As novas tecnoloxías están presentes na sociedade polo que a nosa tarefa é integralas no día a día da educación; formando ao noso alumnado a conseguir un desenvolvemento integral en todos os seus ámbitos: cognitivo, afectivo e social.

Ademais este PD intentará apoiar algúns dos obxectivos que xa se viñan recollendo na programación TIC do noso centro. Algúns destes son:

- Facer partícipes ao noso alumnado dun obxecto cultural ao que dificilmente terán acceso por outras vías.
- Promover a incorporación das TIC á tarefa docente e aplicarlas para conseguir os obxectivos propostos.
- Utilizar as tecnoloxías como medio para favorecer as súas posibilidades de aprendizaxe, a súa continua curiosidade, ou as respostas as súas preguntas.
- Incorporar as TIC para promover a capacidade de autonomía, á toma de decisións chegando a reducir de forma paulatina a dependencia do adulto.

O PD será tamén un instrumento eficaz para unha mellor atención a diversidade, atendendo as familias indistintamente se teñen ou non recursos e adaptando a nosa organización para dar respostas educativas as necesidades da poboación en xeral e ao alumnado en particular. Tamén axudara a fomentar a colaboración entre mestres; alumnado o intercambio de información e experiencias .A unha mellor comunicación e acceso a información. Facilitando e ooptimizando a práctica docente.

Entendemos que é necesario coñecer a realidade tecnolóxica do noso centro, a nosa propia formación así como tamén os recursos e ferramentas das que dispoñemos que permitan mellorar a nosa competencia dixital e poder levala a práctica nos diferentes ámbitos educativos.

Co plan dixital trataremos de utilizar a ferramenta tecnoloxica do centro de forma máis optima e axeitada ao nivel de alumnado e mellorar a forma de comunicarnos co resto da comunidade educativa. Participación activa tanto do profesorado/ familias/ comunidade na contorna; fomentando a colaboración das familias para contribuír á mellor consecución dos obxectivos educativos

Motivar e facilitar o traballo do equipo docente e lograr a súa implicación en distintos proxectos.

evar a cabo unha formación personalizada que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores morais dos alumnos/as en todos os ámbitos da vida, persoal, familiar, social e profesional.

or último a PXA verase enriquecida por este documento incorporando á mesma a pretensión dun maior aproveitamento de todos os recursos tecnolóxicos da nosa comunidade. Pasará a ser parte do eixo vertebrador que fundamente o uso de infraestruturas tecnolóxicas, formación do

alumnado, profesorado e familias, cun aproveitamento máis reflexivo, estudo e estruturado de todos eles.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa que regula todo este procedemento queda recollida nos seguintes documentos:

Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

### 1.4. Proceso de elaboración

No primeiro trimestre realizouse a avaliación inicial a través da ferramenta SELFIE para coñecer o estado do noso centro en canto dixitalización.

No comezo do segundo trimestre implementouse o Test CDD para coñecer a competencia dixital dos mestres e mestras do centro.

Coa información destas dúas ferramentas procedeuse a realización do DAFO do noso centro facendo unha análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.

No terceiro trimestre elaboráronse as táboas do plan de acción e por último procedeuse a redacción do Plan Dixital.

Cabe sinalar que o seguimento por parte do mentor da nosa zona establecía a entrega de diversas tarefas ao longo do curso. A súa realización axudou a ter unha temporalización organizada.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Infraestrutura dixital**
  - A infraestrutura dixital do noso centro conta con conexión cableada non contamos con conexión sen fíos.
  - No que se refire a servizos de voz, dispoñemos dunha liña telefónica ubicada despacho de dirección do centro.
  
- **Equipamentos**

- **Aulas dixitalizadas:** dispoñemos de dous ordenadores de mesa por aula para traballar co alumnado. Os equipos informáticos das aulas foron actualizados (cambio da memoria e das pilas neste 3º trimestre) . Tamén se recibiu un proxector por parte AMTEGA por aula e mércarose dúas novas pantallas para proxección, non son PDIs. Ademais, no centro contamos cun só encerado dixital (con canón e portátil), está ubicado nunha zona común non pechada.
- **Postos de traballo de xestión e administración do centro:** contamos cun ordenador de sobremesa eun portátil. Para impresión temos un renting coa empresa Ricoh (unha impresora a cor), que nos resulta indispensable para a elaboración de material dos proxectos que se traballan o longo do curso (ofrecendo tamén o servizo de fotocopiadora, escáner e fax). No espazo de dirección contamos cun ordenador de mesa e un portátil.
- **Biblioteca:** non dispoñemos de equipo informático neste espazo.
- **Proxectos específicos:** A ANPA agasallounos cunha mesa de luz e material para traballar co alumnado.
- **Servizos Dixitais Educativos**
  - A comunicación coas familias realizáse coa presidenta da ANPA que é a persoa que traslada as comunicacións. O noso centro non utilizaba servizos corporativos para xestión da información. De feito, os plans de acción están enfocados á mellora destes aspectos.

No noso centro os documentos relacionados coas tecnoloxías da información e comunicación son:

- O plan TIC dispoñible no seguinte [enlace](#).

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

**Autoavaliación SELFIE:** inclúese a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	1,5
	Profesorado	1,5
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3
	Profesorado	1,7
	Alumnado	-
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,5
	Profesorado	1,7
	Alumnado	-
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	-
	Profesorado	1

	Alumnado	-
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	3
	Profesorado	2,9
	Alumnado	-
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	3,5
	Profesorado	2,3
	Alumnado	-
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	-
	Profesorado	1
	Alumnado	-
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	-
	Profesorado	1
	Alumnado	-

**Test CDD:** Ademais do recollido na táboa 1.3. do Test CDD en relación co perfil do profesorado participante, achegamos tamén a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal:

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	1	1	100%
<b>PROVISIONAL</b>	-	-	-
<b>INTERINO</b>	-	-	-
<b>SUBSTITUTO</b>	-	-	-
<b>DESPPRAZADO</b>	-	-	-

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
38	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>Inf.</b>	38	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	-	-
<b>A2</b>	1	100%
<b>B1</b>	-	-
<b>B2</b>	-	-
<b>C1</b>	-	-
<b>C2</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	1	100%

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C2 No noso centro hai dispositivos dixitais que podo utilizar no meu traballo como docente</p> <p>C3 O noso centro ofrece acceso a Internet para o ensino e a aprendizaxe</p> <p>C14 No noso centro, os espazos físicos facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</p>	<p>C1 No noso centro a infraestrutura dixital non apoia totalmente o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>C5 A asistencia técnica non está dispoñible no noso centro cando xurdan problemas coas tecnoloxías dixitais</p> <p>C7 No noso centro non existen nsistemas de protección de datos</p> <p>C8 No noso centro non existen dispositivos dixitais que son propios ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise.</p> <p>C10 No noso centro, non hai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen.</p> <p>C15 No noso centro o alumnado con necesidades educativas especiais non ten acceso ás tecnoloxías de apoio</p> <p>C16 No noso centro non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe</p> <p>Equipo tecnolóxico insuficiente que limita o uso da tecnoloxía con apoio técnico insuficiente</p> <p>Non existe nin web nin aula virtual</p> <p>PEC 1.1 e PEC 2.1 O centro utiliza servizos dixitais educativos corporativos e o equipo directivo promove o uso de software libre.</p>
	PERSOAL DOCENTE		<p>D1 O noso equipo directivo non reflexiona connosco sobre as nosas necesidades de FPC en relación ao ensino con tecnoloxías dixitais</p> <p>D3 O noso equipo directivo non nos axúda a intercambiar experiencias dentro do centro sobre a docencia con tecnoloxías dixitais</p> <p>E2 Creo recursos dixitais para reforzar o meu método de ensino</p> <p>E2 Non creamos recursos dixitais para reforzar o noso método de ensino</p> <p>E6 non utilizamos recursos educativos abertos</p> <p>F3 non utilizamos as tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade do alumnado</p> <p>F5 non empregamos as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado</p> <p>F6 non fomentamos a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais</p> <p>G1 non utilizamos as tecnoloxías dixitais para avaliar as competencias do alumnado</p> <p>G2</p> <p>Non empregamos as tecnoloxías dixitais para proporcionar unha retroalimentación adecuada aos estudantes.</p> <p>G5 non utilizamos as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe</p> <p>G6 non utilizamos as tecnoloxías dixitais para que o</p>



		<p>alumnado poida levar a cabocomentarios sobre o traballo dos seus compañeiros</p> <p>G8 non facilitamos ao alumnado o uso das tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe</p> <p>G9 non utilizamos datos dixitais sobre estudantes individuais para mellorar a súa experiencia de aprendizaxe</p> <p>G10 non vaoramos as competencias dixitais que o alumnado desenvolveu fóra do centro educativo</p> <p>Competencias dixitais insuficientes.</p> <p>Inseguridade xeral para a utilización de calquera tipo de tecnoloxía o que provoca un uso tardío das mesmas</p>
<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		<p>D2 Teño acceso a posibilidades de FPC en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p> <p>E1 Busco recursos educativos dixitais en internet</p> <p>E3 Utilizamos ambientes virtuais de aprendizaxe co alumnado</p> <p>E4 Utilizamos as tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionada co centro educativo</p> <p>F1 Utilizamos as tecnoloxías dixitais para adaptar o noso método de ensino ás necesidades individuais do alumnado</p> <p>F4 Levamos a cabo actividades de aprendizaxe dixital que motive o alumnado</p> <p>PEC 1.2 participase en formacións individuais</p>
<b>ALUMNADO</b>		<p>H8 No noso centro o alumnado non aprende a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais</p> <p>H10 O noso equipo directivo non garante que os estudantes desenvolvan habilidades dixitais para as diferentes Materias</p> <p>H11 No noso centro o alumnado non aprende a codificar ou programar</p> <p>H13 No noso centro o alumnado non aprende a resolver problemas técnicos que se presentan ao utilizar as tecnoloxías dixitais</p>
<b>FAMILIAS</b>	Familias moi participativas e moi boa comunicación	
<b>OFERTA</b>		PEC 3.2 as formacións non se adaptan ás necesidades do profesorado. Descontento xeral coas propostas realizadas
<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	Boa comunicación cos servizos	<p>A1 No noso centro non temos unha estratexia dixital</p> <p>A2 O noso equipo directivo non implica ao profesorado no desenvolvemento da estratexia dixital do centro</p> <p>A3 Non conto co apoio do noso equipo directivo á hora de probar novas formas de ensinar con</p> <p>A4 No noso centro non temos tempo para explorar como mellorar n noso método de ensino coas tecnoloxías dixitais</p> <p>A5 No noso centro non se respectan totalmente os dereitos de autor e utilizamos licenzas cando utilizamos as tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe</p> <p>B1 No noso centro non avaliamos o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías</p> <p>B2 No noso centro non comentamos as vantaxes e inconvenientes de ensinar e aprender coas tecnoloxías dixitais</p> <p>B3 No noso centro non utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras organizacións</p> <p>B4 No noso centro non colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais</p> <p>C11 No noso centro non contamos con medidas para identificar as dificultades que xorden coa aprendizaxe mixta, relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico.</p> <p>C12 Na nosa escola, non temos un plan para axudar aos profesores a afrontar os retos que supón a aprendizaxe mixta, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes e a súa orixe</p>

			<p>Socioeconómica.</p> <p>C13 No noso centro o alumnado non pode levar os seus propios dispositivos portátiles e utilízalos durante as clases.</p> <p>G7 O noso equipo directivo non nos axuda a utilizar as tecnoloxías dixitais con fins de avaliación</p>
--	--	--	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A administración educativa aposta pola modernización A administración financia o centro Existe oferta formativa variada pero non axustada ás necesidades	Escasa dotación de equipamento tecnolóxico.
	LEXISLACIÓN	Estabilidade laboral do persoal docente.	C7 A lexislación vixente dificulta a nosa labor
	CONTORNA	Moi boa relación co Concello que cede espazos físicos e personal Moi boa relación con todos os servizos do Concello e da Xunta Boa situación económica da contorna Moi boa relación coas familias	
	ANPA	A ANPA do noso centro é moi boa.	
	OUTRAS ENTIDADES	Asociación de mariscadoras Boa relación con Centro de Día de maiores Boa relación coa parroquia que colabora divulgando o patrimonio Boa relación coa Fundación Santiago Rey Fernandez/Latorre que financia actividades de natureza	

### 3. Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ter analizado toda a información, se consideran prioritarias para o noso centro.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a concreción de obxectivos, indicadores e accións analizouse o DAFO en profundidade tendo coidado de escoller aqueles ítems que, segundo a ideosincrasia do noso centro, se consideraron como prioritarias. As táboas seguintes recollen esta información:

"Área/s de mellora": Liderado (A)						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Desenvolver a estratexia dixital do centro (A1)*				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de estratexias contempladas nun documento que conforme a estratexia dixital do centro.					
<b>Valor de partida</b>	0 estratexias contempladas nun documento que conforme a estratexia dixital do centro					
<b>Valor previsto e data</b>	3 estratexias contempladas nun documento que conforme a estratexia dixital do centro			Final do 1º trimestre curso 22-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO1.1: Reunión do equipo directivo para establecer propostas de estratexias dixitais para o centro.</b>	Equipo directivo	Finais do mes de setembro do curso 22-23	Convocatoria Mentor Correo electrónico. Acta da sesión Orde do día: web, aulas virtuais, comunicación coas familias, co profesorado, obradoiros. Persoa coordinadora TIC.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: trasladar a proposta ao claustro e recoller opcións de mellora vía email</b>	Equipo directivo	Primeira semana de outubro curso 22-23	Documento que recolla as propostas de estratexias. Redacción de correo electrónico coa proposta e solicitando aceptación ou proposta de mellora Correos electrónicos do claustro. Equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>A01.3: Reunión para analizar propostas realizadas e xerar e difundir o documento definitivo.</b>	Equipo directivo	Última semana de outubro do curso 22-23	Documento definitivo/difusión claustro. Correos claustro para difusión. Equipo informático.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

(\*A1: Estratexia dixital)

"Área/s de mellora": Desenvolvemento Profesional Continuo (D)						
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Obter formación específica do profesorado en pizarra dixital con actividades concretas (D1*)				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de profesorado que supera a formación específica e en actividades concretas sobre pizarra dixital					
<b>Valor de partida</b>	0% do profesorado superou a formación específica e en actividades concretas sobre pizarra dixital					
<b>Valor previsto e data</b>	80% do profesorado superou a formación específica e en actividades concretas sobre pizarra dixital			Primeira semana de xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO
<b>AO2.1: Comunicación da posibilidade de solicitude de PFPP con liña sobre pizarra dixital e actividades concretas con ela de xeito presencial.</b>	Equipo directivo.	Claustro inicial do curso 22-23.	Convocatoria. Correo corporativo. Orde do día: -Elección persoa coordinadora do PFPP. -Proposta de liñas: actividades en PDI de lóxica-matemática, arte, mesa de luz con alumnado...		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO2.2: No caso afirmativo da/s liña/s mencionada/s na acción AO2.1 contactar coa asesora do CAFI para traslado das informacións.</b>	Persoa coordinadora do PFPP	Última semana de outubro do curso 22-23	Documentación requirida pola Orde pertinente de PFPP. Equipo directivo (cumprimentar solicitude na aplicación) Asesora do CAFI Equipo informático		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>AO2.3: Deseño das horas de docencia e calendario oficial das mesmas.</b>	Persoa coordinadora do PFPP	Finais de outubro do curso 22-23	Docente do curso  Calendario de implantación das formacións.  Aula virtual cos contidos para recoller os avances (solicitar colaboración asesor Abalar e/ou Mentor ADIX).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO3.4: Elaboración da memoria do PFPP, actas...</b>	Persoa coordinadora do PFPP	Finais de maio curso 22-23	Documentación para aplicación FProfe  Asesora de CAFI para revisión.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(\*D1 Necesidade de DPC)

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipamentos (C)						
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Crear espazos de visibilidade e soporte para o centro en concreto a web e aula virtual. (PEC 1*)				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de entradas subidas á web do centro. Número de aulas virtuais creadas. Número de recursos subidos á aula virtual					
<b>Valor de partida</b>	0 entradas subidas á web do centro. 0 aulas virtuais creadas. 0 recursos subidos á aula virtual					
<b>Valor previsto e data</b>	7 entradas subidas á web do centro. 2 aulas virtuais creadas (unha alumnado e outra recursos e/ou formación profesorado). 8 recursos subidos á aula virtual.			22 de xuño curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓ	ESTADO	
<b>A03.1: Reunión co claustro para decidir a persoa/s encargada/s da web do centro e da aula virtual</b>	Equipo directivo	Claustro inicial do curso 22-23	Convocatoria do claustro Orde do día que recolla os aspectos a te en conta nesta cuestión: - Elección da persoa encargada da web. - Elección da persoa encargada da aula virtual. - Periodicidade da subida dos contidos.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	



<b>AO3.2: Petición ao asesor Abalar da actualización da web do centro educativo e creación das aulas virtuais</b>	Equipo directivo	Primeira semana outubro do curso 22-23	Petición formal ao asesor Abalar para preparación da web do centro Documento concreto das necesidades de web que se van ter en relación coa web. Correo corporativo Equipo informático	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
<b>AO3.3: Asesoramento para a subida de entradas á web e contidos á aula virtual</b>	Persoa encargada da web	Segunda semana outubro do curso 22-23	Asesor Abalar e/ou Mentor ADIX (deseño sistema máis sinxelo de subida)  Cronograma de posibles reunións.  Documento de necesidades básicas para a web.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
<b>AO3.4: Contemplar a necesidade de obradoiros en Drupal e Aulas Virtuais da/s persoa/s encargada/s</b>	Persoa encargada da web	Segunda semana outubro do curso 22-23	Asesor Abalar e/ou mentor ADIX Cronograma de posibles obradoiros. Materiais. Equipo informático.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

(\*PEC1 O centro non ofrece servizos educativos corporativos (web, aula virtual, videoconferencia, correo electrónico corporativo...) para difundir información sobre o centro educativo virtual)

<b>"Área/s de mellora": Competencia Dixital Docente (D)</b>						
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Empregar Abalar Móbil e Abalar Pro na comunicación coas familias (PEC 1*)				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de profesorado usuario de Abalar Móbil e Abalar Pro.					
<b>Valor de partida</b>	0% do profesorado usuario de Abalar Móbil e Abalar Pro.					
<b>Valor previsto e data</b>	80% do profesorado usuario de Abalar Móbil e Abalar Pro.			22 de Xuño 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO4.1: Solicitar obradoiro/s no uso de Abalar móbil e Abalar PRO.</b>	Persoa directora	Última semana de setembro curso 22-23	Asesor Abalar e/ou mentor ADIX  Correo electrónico do asesor e texto coa petición formal. (solicitar formación e Abalar Móbil, PRO) Proposta de calendario de obradoiros.  Correo corporativo  Equipo informático.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.2: Difusión a través da web e tamén en papel por tratarse da primeira información deste tipo.</b>	Persoa encargada da web / asesor Abalar (de non ter aínda a persoa encargada da web a competencia suficiente para facelo)	Unha semana despois de rematar o/s obradoiro/s.	Circular dixital e en papel coa información e enlaces a vídeo tutoriais sobre o uso de Abalar móbil.  Web do centro.  Equipo informático		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>AO4.3: Comunicación coas familias unidireccional (centro-familias) a través de Abalar Móbil.</b>	Persoas titoras.	Unas semana despois de rematar os obradoiros.	Contas de abalar móbil do profesorado.  Equipos informáticos ou dispositivos móbiles.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

*(\*PEC1 O centro non ofrece servizos educativos corporativos (web, aula virtual, videoconferencia, correo electrónico corporativo...) para difundir información sobre o centro educativo virtual)*

## 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

No centro destacamos a necesidade de facer as seguintes melloras:

- **Infraestrutura dixital**
  - É preciso un sistema de almacenamento vencellado á rede (NAS) para o respaldo da información do noso centro. Os equipos directivos almacenan documentación sensible que, a día de hoxe, se garda nun só equipo. Un sistema como o que se formula ou baseado no almacenamento na nube facilitaría moito as tarefas de xestión evitando riscos.
  - A rede sen fíos non está operativa, si está solicitada. É imprescindible este recurso para poder facer fronte ás necesidades de xestión diaria que existen nos centros educativos.
  
- **Equipamentos**
  - **Aulas dixitalizadas:** sería preciso dotar as dúas aulas con pantallas intelixentes tipo touchscreem. As novas modalidades de ensino-aprendizaxe requiren estar ao día en equipamentos tecnolóxicos. A incorporación deste tipo de dispositivos facilitaría a labor docente á hora de introducir contidos atractivos e variados, vencellados coas TIC. Contamos con cámara de fotos.
  - **Postos de traballo de xestión e administración do centro:** sabendo que está pendente aínda a asignación de equipamentos do Plan de posto dixital avanzando, sería preciso renovar o equipamento e dotar de novos materias para poder facer fronte ás labores de xestión.
  - **Sala de profesorado:** non existen no noso centro pero si sería interesante a dotación dun equipo portátil e 2 tablets para poder implemenatar actividades coas TIC con alumnado con NEAE.
  - **Aula móbil:** sería preciso dotar dunha aula móbil con 7 tablets para poder realizar actividades vencelladas coas TIC co alumnado de EI.
  
- **Servizos Dixitais Educativos**
  - É precisa unha aplicación de comunicación entre o profesorado para non ter que utilizar plataformas externas. Abalar Pro podería ser unha boa opción se se desenvolvera nesa aplicación algunha funcionalidade de comunicación directa entre o profesorado do centro; que permita tamén achegar imaxes, arquivos de son, vídeos...
  - As escolas de educación infantil precisamos servizos dixitais sinxelos e fáciles de ter ao día. Sería necesario compartir espazos no que se refire a documentación administrativa para que escolas das mesmas zonas,

informasen as súas comunidades educativas ao mesmo tempo. Quizais podería servir unha páxina xeral, que contivese todas as informacións xenéreas (documentación e prazos de matrícula por exemplo) e con acceso ademais as distintas webs de cada centro. Quizais a inclusión do noso centro na Rede de Escolas na Nube ou a creación desta para centros da mesma tipoloxía (EEI) sería algo moi necesario.

#### 4. Avaliación do plan

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

**Avaliación procesual:** será realizada unha vez ao final da cada un dos trimestres do curso 22-23. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de accións. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

**Avaliación final:** será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 22-23. Farase unha revisións da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.

#### 5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o Plan Dixital do noso centro será publicado na web do mesmo.